

Historias encantadas

En Aranga, confunden unha aviadora francesa con un escoler

Do xornal "El Compostelano" de 28 de agosto de 1927 (» [documento orixinal](#)) entresacamos esta información tan curiosa referida ao avistamento dun suposto **escoler** (tempestario, tronante, nubeiro ☐) entre Betanzos e Aranga alá pola segunda metade do século XIX.

Nunha columna asinada por Manuel J. Lema titulada "Crónica de aviación. El Escoler☐", logo de referencias a diferentes pioneiros da aviación, cóntase un sucedido que tería acontecido un verán da segunda metade do século XIX entre Betanzos e Aranga.

A protagonista foi a aeronauta francesa Madame Bertrhand que se ergueu co seu globo *Montgolfier* sobre o ceo de Betanzos.

Os betanceiros "cultos" (enténdase urbanos) aplaudírona moito, amenizouse o acto coa música municipal e ela, ao tempo que se elevaba co seu globo, respondía con saúdos cariñosos desde o aire.

Nas aldeas, en cambio, como consecuencia dun verán caloroso, moi seco, apenas había para comer. A terra ardía e a xente padecía as consecuencias dunha seca que provocaba fame e miseria.

Así as cousas, cando Madame Bertrhand descende co seu globo sobre os campos de Aranga, a xente réunese e, crendo que, en realidade, quen baixaba do ceo era un **escoler** (o espírito causante das treboadas), réunense, tocan as campás "a somatén", e todos, mozos e vellos, armados con paos e ferramentas, agardan a aterraxe da "gentil" Madame Bertrhand.


A inxenua aviadora francesa, crendo que se trata dun recibimento entusiasta, sorrí e reparte bicos desde o aire. Sen embargo, os paisanos berran:

"*Aí vén o Escoler, o acabador do centeo, o acabador das patacas!*"

E en canto pousa o globo no chan, a xente esfarrápao e deixa moribunda a forza de golpes á intrépida aeronauta.

Segundo nos conta o autor do artigo, o vecindario "reio de superstición y de salvajismo, cayó bajo el peso de la Ley, dando con sus cuerpos en lóbrega prisión".

CRÓNICA DE AVIACIÓN
EL "ESCOLER"



Primeiro globo Montgoifler